



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte nº: 1573/2018

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Reclamacións contra a aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2018.

ANTECEDENTES:

1. En sesión plenaria de 03/05/2018 rexeitouse a aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2018, vencellado a unha cuestión de confianza.
2. Transcorrido o prazo establecido no art. 197 bis, apartado quinto, da Lei Orgánica 5/1985 sin que se aprobase unha moción de censura, publicouse no BOP nº 107 de 07/06/2018 o anuncio de aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2018.
3. Durante o prazo de exposición pública e presentación de reclamacións contra a aprobación inicial presentáronse as seguintes:
 - a. Ramiro Ouviaña Ouviaña, M^a Cristina Andrade González, Xosé Manuel Casal Sabín, en data 27/06/2018, rexistro nº 2018-E-RC-3870
 - b. Alicia Miguens Vila, en data 27/06/2018, rexistro nº 2018-E-RC-3892

NORMATIVA APLICABLE:

- *Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017 (LOXE)*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL)*
- *Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF)*
- *Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.*
- *Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei, do Estatuto básico do empregado público (EBEP)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA)*
- *Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RP)*



Concello de A Pobra do Caramiñal

- *Real Decreto 2568/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais*

INFORME:

PRIMEIRO.- O artigo 169.1 da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante TRLRFL), establece no seu apartado primeiro:

“Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones ; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas”.

O anuncio de exposición pública da aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia o día 07/06/2018, polo que o prazo de 15 días hábiles rematou o 28/06/2018. As reclamacións presentáronse o día 27/06/2018 no rexistro xeral do Concello, polo que deben considerarse presentadas en prazo.

SEGUNDO.- En canto ás persoas ou entidades lexitimadas para presentar reclamacións á aprobación inicial, o artigo 170 do TRLRFL establece:

“1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios”.*

As dúas reclamacións que se presentaron están subscritas por pesoas empadroadas no termo municipal, polo que considérase que ostentan lexitimación suficiente para a presentación de reclamacións que se encadra dentro do apartado a) do punto 1 do artigo 170.

TERCEIRO.- Os motivos ou as causas en que se poden basear as reclamacións que se presenten á aprobación inicial do Orzamento están taxadas no apartado 2 do mencionado artigo 170 do TRLRFL:

“2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.*
- b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

c) *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.*"

Cómpre analizar polo tanto, si as dúas alegacións presentadas fundaméntanse en algún dos motivos anteriores:

A) Reclamación presentada por Ramiro Ouviaña Ouviaña, M^a Cristina Andrade González, Xosé Manuel Casal Sabín, en data 27/06/2018, rexistro nº 2018-E-RC-3870: Menciona expresamente que se fundamenta no incumprimento do disposto no artigo 170.2.b (*omisión do creto orzamentario necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, por precepto legal ou calquera outro título lexítimo*). En síntese, o motivos de reclamación presentados son os seguintes:

1.- A non existencia dunha partida que permita acreditar a existencia de creto orzamentario para o asfaltado e melloras nas estrada de Cadreche a Ouxo e Vilariño, polo que solicita a desagregación do investimento denominado "Asfaltados en pistas rurais" en un específico para esta actuación con un importe de 30.000 € como mínimo.

2.- A inexistencia dunha dotación orzamentaria de 50.000 € para efectuar melloras nas accesibilidade e seguridade viaria na rúa San Roque e Adro do Caramiñal.

3.- A inexistencia dunha dotación orzamentaria de 121.386,80 € para a creación dun espazo para a mocidade.

4.- A inexistencia dunha dotación orzamentaria de 100.000 € para o concurso de ideas e inicio do proxecto de conservación das naves dos Areos.

En cada un dos catro supostos anteriores os reclamantes indican as actuacións que propoñen disminuir para dar cabida ás novas dotacións orzamentarias a que se refiren.

Con carácter previo á análise das reclamacións presentadas, debe terse en conta que o art. 170.2, que enumera os motivos de reclamación ó Orzamento, comenza dicindo que "*Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto*:", enumerando a continuación os tres motivos de reclamación. En consecuencia, a utilizacion por parte do lexislador do termo "únicamente" pon de manifesto que as causas de reclamación ó Orzamento son causas tasadas, limitadas exclusivamente ás tres enumeradas no apartado 2 do art. 170 TRLRFL, polo que a presentación de reclamacións deberán axustarse ás alí expresamente previstas. En consecuencia, debe entenderse que o trámite de exposición publica do Orzamento inicialmente aprobado non abre un periodo para a presentación de calesqueira alegacións, propostas, demandas ou consideracións que estimen convintes os posibles interesados, senón que estas deberán fundamentarse en algún dos tres motivos de reclamación previstos no art. 170.2 TRLRFL, de xeito que outro tipo de reclamacións fundamentadas en motivos diferentes dos taxativamente enunciados no art. 170.2 TRLRFL no deberán ser estimadas polo Pleno ao non axustarse ós motivos de reclamación previstos legalmente. Do mesmo xeito que o apartado 1 do art. 170 enumera taxativamente os suxeitos lexitimados para a presentación de reclamacións, de xeito somentes poden presentar reclamacións ó Orzamento os suxeitos alí mencionados, os motivos ou causas que fundamentan as posibles reclamacións tamén deben axustarse as enunciadas no TRLRFL.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Os catro puntos en que se desglosa a reclamación consisten nunha solicitude de inclusión no orzamento de gastos de novos investimentos non previstos no orzamento para a súa execución no exercicio. Non existe título lexítimo ningún, nin se tampouco se alega polos reclamantes, que obrigue á súa consignación orzamentaria, polo que non é aplicable o segundo motivo de reclamación. En consecuencia, a reclamación non se axusta a ningún dos motivos taxados previstos no art. 170.2 TRLRFL, polo que resulta procedente a súa desestimación.

B) Reclamación presentada por Alicia Miguens Vila, en data 27/06/2018, rexistro nº 2018-E-RC-3892: alega a inexistencia dunha partida orzamentaria específica para a realización de actuacións de abastecemento de auga, saneamento, asfaltado, limpeza de cunetas e mellora da estrada de Cadreche a Vilariño.

A reclamación ten a mesma natureza que a anterior, tendo o carácter mais dunha proposta ou demanda que de unha reclamación en sentido estricto na que se identifiquen o título lexítimo que a fundamenta, o contido concreto da obriga incumplida e a contía ou importe da mesma. Aínda que na mesma faise una mención xenérica ás competencias municipais en materia de alumeadado público, abastecemento de auga potable a domicilio, infraestrutura viaria, etc (todas elas reguladas como competencias municipais no art. 25 e como servizos obrigatorios no art. 26.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local), ditos preceptos non constitúen un título que impoña ao Concello a unha obriga legal concreta con un prazo determinado para o seu cumprimento, de realizar as actuacións que se indican na reclamación. En consecuencia, son resultan aplicables as consideracións mencionadas na reclamación anterior, polo que se considera que non se axusta a ningún dos motivos do art. 170.2 TRLRFL, sendo procedente a súa desestimación.

CUARTO.- A resolución das reclamacións presentadas, estimandoas ou desestimandoas e aprobando definitivamente o Orzamento, é competencia do Pleno da Corporación segundo o art. 169 TRLRFL:

"(...) El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas".

O que se informa sin perxuízo doutro criterio superior en dereito e dos acordos que adopte o Pleno da Corporación.

O Interventor

Faustino Villamor Iglesias

(documento asinado dixitalmente)